



CONCELLO DE VIGO

Expte.1624/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de febreiro de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dous de febreiro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(52).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 26 de xaneiro e extraordinaria e urxente do 30 de xaneiro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(53).-ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO (AFAN) PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2022-2025). EXPTE. 261953/301.

Visto o informe de fiscalización do 23/01/2024, dáse conta do INFORME-PROPOSTA de data 18/01/2024, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o

xefe de Área, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. A “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)” é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a atención e promoción das persoas necesitadas desde o principio da autodeterminación, facilitándolles os medios precisos ó seu alcance para o seu total desenvolvemento. Esta Asociación procura satisfacer as necesidades básicas das persoas e familias en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupa e tamén pequenas axudas económicas para atender outras necesidades primarias como o pagamento dos subministros do fogar (luz, auga...) ou do alugamento.

Está inscrita no RUEPSS (nº E0075) e no Rexistro municipal de Asociacións desde o ano 1988 co nº 00055-88 e constitúe un valioso recurso social dentro do sistema público de servizos sociais da cidade no que se traballa en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade.

I.2. O Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións mínimamente dignas, sendo complementario dos recursos e programas propios dos servizos sociais municipais.

I.3. O 08.03.2022 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2022 – 2025)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 03.03.2022 (Exp. nº 231070/301).

I.4. Na súa Estipulación Terceira estableceuse o seguinte:

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente a AFAN unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025, por importe de 60.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 240.000€. O gasto correspondente a 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 – “Convenio AFAN”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais...».

I.5. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 – “Convenio AFAN”, un importe de 65.000€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

I.6. Con ese incremento da contía da subvención (+5.000€) preténdese facer fronte, alomenos parcialmente, ó incremento experimentado polo prezo dos alimentos e a enerxía durante os últimos anos.

I.7. Por todo o anteriormente exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, unha Addenda ó Convenio de colaboración con «AFAN», que afecta exclusivamente á súa Estipulación Terceira.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1624/1102

I.8. De acordo co previsto na súa Estipulación Décimo primeira: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente Addenda».*

I.9. Tal como se recollía expresamente na proposta de Convenio coa Asociación «AFAN» aprobada pola XGL o 03.03.2022, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.10. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta Addenda deberá ser sometida a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

I.11. Como queira que os compromisos económicos asumidos en virtude deste Convenio modificado pola Addenda en cuestión non superan os 600.000€, non será necesaria a súa remisión electrónica ó Tribunal de Contas ou ó órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das facultades que teñen legalmente atribuídas para reclamar cantos datos, documentos e antecedentes estimen pertinentes (Art. 53 LRXSP), como así se recollía xa no Convenio aprobado o 03.03.2022.

I.12. A competencia para aprobar a Addenda ó precitado Convenio e, previamente, o gasto que representa, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo, de acordo co Art. 127.1.g) da LRBRL, Art. 31 da LSG e coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coas Resolucións do 20.06.2023 (Apdo. Primeiro, Pto. jj) e do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

I.13. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa, á Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo (Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.06.2023, de delegación de competencias xenéricas en concelleiros de Área de goberno e concelleiros delegados; Apdo. Primeiro, Pto. jj]; BOPPO nº 124, do 28.06.2023 e Base nº 40.2).

I.14. O preceptivo informe xurídico (Base nº 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á ADDENDA ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2022 – 2025)», co texto que a seguir se transcribe.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe total de 130.000 (CENTO TRINTA MIL EUROS) para os exercicios de 2024 e 2025. O gasto correspondente a 2024, que é de 65.000€ (SESENTA E CINCO MIL EUROS), imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 (“*Convenio AFAN*”). A achega correspondente ó exercicio de 2025 (outros 65.000€) estará necesariamente condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA Ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2022 – 2025)».

En Vigo, na data da sinatura electrónica

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local, D^a Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1624/1102

D^a. Hortensia González Fernández, con DNI nº 35.914.549-A, presidenta da “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)”, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Pastora nº 44 desta cidade.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Turismo do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 30.06.2023 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Turismo (BOPPO n.º 136, do 14.07.2023).

D^a. Hortensia González Fernández, actuando en representación da “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)” (CIF 36.660.348), segundo así resulta dos seus estatutos e dos acordos asemblearios adoptados, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente Addenda e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. O 08.03.2022 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELEIRÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2022 – 2025)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 03.03.2022 (Exp. nº 231070/301).

II. O obxecto dese Convenio de colaboración era a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de AFAN para a atención inmediata de persoas e familias en situación de necesidade.

III. Na súa Estipulación Terceira estableceuse o seguinte:

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente a AFAN unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025, por importe de 60.000€/ano; en total, polo período de vixencia do Convenio: 240.000€. O gasto correspondente a 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 – “Convenio AFAN”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais...».

IV. Con todo, nos orzamentos anuais para o exercicio de 2024, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 27.12.2023 (Exp. nº 80/142; BOPPO nº 249, do 29.12.2023), figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 – “Convenio AFAN”, un importe de 65.000€, polo que resulta preciso proceder, mediante esta Addenda, á modificación daquela Estipulación do Convenio.

V. En efecto, a teor do previsto na súa Estipulación Décimo primeira: «Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente Addenda».

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

ACORDAN

«PRIMEIRO: Modificar a Estipulación Terceira do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2022 – 2025)», que quedará coa seguinte redacción:

«O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente a AFAN unha subvención para os exercicios de 2024 e 2025 por importe total de 130.000€ (65.000€/ano). O gasto para o exercicio de 2024 (65.000€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 – “Convenio AFAN”. A achega prevista para o exercicio de 2025 (último ano de vixencia do Convenio), outros 65.000€, estará necesariamente condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais...»

SEGUNDO: O réxime de pagamentos será semellante ó establecido na Estipulación Cuarta do Convenio subscrito en 2022 entre a *Concellería de Política de Benestar Social* e «AFAN», pagándose o 50% (32.500€) logo da asinatura da Addenda e previa presentación do proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do anterior e o 50% restante (32.500€) unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 01 de novembro do correspondente exercicio. Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente unha declaración responsable de que non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

TERCEIRO: A presente Addenda estará en vigor durante a vixencia que resta do Convenio».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta Addenda, por duplicado exemplar, na data expresada no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno local, dou fe.

3(54).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A RETIRADA E XESTIÓN DE APROVEITAMENTOS MADEIREIROS PROCEDENTES DE CORTAS DE ÁRBORES DE OBRIGADA EXECUCIÓN SEGUNDO O ESTABLECIDO NA LEI DE INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA. EXPTE. 50416/446.

Visto o informe xurídico do 19/01/2024 e o informe de fiscalización do 23/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2024, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe do Servizo, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



CONCELLO DE VIGO

Expte.1624/1102

- 1.- A adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 26 de abril de 2023, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 27 de abril de 2023 e o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en data 27 de abril de 2023, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de **RETIRADA E XESTIÓN DE APROVEITAMENTOS MADEIREIROS PROCEDENTES DAS CORTAS DE ÁRBORES DE OBRIGADA EXECUCIÓN SEGUNDO O ESTABLECIDO NA LEI DE INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA** (expte. 50416/446).
- 2.- En data 20 de decembro de 2023, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e, en data 21 de decembro de 2023 polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais a memoria económica (MEC).
- 3.- No presente contrato, non procede a emisión de documento económico de retención de crédito, toda vez que se trata dun contrato no que o adxudicatario deberá presentar unha “auto-liquidación” mensual polo importe da madeira apeada e xestionada durante ese mes.
- 4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 21 de decembro de 2023, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.
- 5.- A memoria xustificativa (MEX), asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 20 de decembro de 2023 e, en data 22 de decembro de 2023, polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais.
- 6.- En data 22 de decembro de 2023, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- 7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 22 de decembro de 2023 e modifícase en data 16 de xaneiro de 2024, xa que procedía corrixir no PCAP o valor estimado do contrato na cláusula 5.3.
- 8.- O presente contrato non está previsto no plan anual de contratación.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.

- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en resolución de 27 de abril de 2023, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

A Xunta de Goberno Local, no seu acordo de data 22 de xuño de 2023, delegou esta competencia nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados.

Segundo.- Debido ao obxecto do contrato, a retirada e alleamento da madeira procedente das cortas de obrigada execución de árbores pirófitas, en parcelas de titularidade municipal ou privada, incluídas na Rede Secundaria de Faixas de Xestión da biomasa forestal, este contrato ten a consideración de contrato privado, consonte ao disposto nos artigos 24 e 26 da LCSP.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado de tramitación abreviada, previsto no artigo 159.6 da LCSP, e a forma de tramitación do expediente é a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116, toda vez que o seu valor estimado é 47.400,00€.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1624/1102

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- No presente contrato, non procede a emisión de documento económico de retención de crédito, toda vez que se trata dun contrato no que o adxudicatario deberá presentar unha “auto-liquidación” mensual polo importe da madeira apeada e xestionada durante ese mes.

Neste contrato prodúcese a inversión do suxeito pasivo do IVE, sendo este o adxudicatario do contrato (artigo 84 da Lei 37/1992, do imposto sobre o valor engadido). En consecuencia, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores exclúen o IVE.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do contrato privado para a **RETIRADA E XESTIÓN DE APROVEITAMENTOS MADEIREIROS PROCEDENTES DE CORTAS DE ÁRBORES DE OBRIGADA EXECUCIÓN SEGUNDO O ESTABLECIDO NA LEI DE INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA**, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 21 de decembro de 2023 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 22 de decembro de 2023 e modificado en data 16 de xaneiro de 2024.

SEGUNDO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 3 de marzo de 2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan

de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(55).-ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO “PLAN INTEGRAL DE XESTIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO” Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE. EXPTE. 1870/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 25/01/2024, asinado pola técnica de Xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 22 de xaneiro de 2024 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na



CONCELLO DE VIGO

Expte.1624/1102

REDACCIÓN DO “PLAN INTEGRAL DE XESTIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO” O devandito informe indica o seguinte:

“A rede de saneamento municipal conta cunha extensa rede de colectores, de máis de 1.100 kilómetros, que se estende tanto na zona urbana coma nas parroquias do rural. Ademais dos colectores, a rede de saneamento está dotada de infraestruturas complementarias, coma son as estacións de bombeo, tanques de tormenta e aliviadoiros, constituindo un sistema complexo que debe atender as necesidades de cerca de 300.000 habitantes e garantindo que ditas augas se devolvan ao medio natural nas mellores condicións ambientais.

A planificación a longo prazo das necesidades de ampliación, así como de adecuación da rede existente, requiren a redacción dun plan director de saneamento. O último documento foi redactado no ano 2006, pero os cambios experimentados dende entón, tanto no desenvolvemento da cidade, coma no marco normativo, fan necesaria redacción dun novo plan.

a obriga de redactar un Plan Integral de Xestión do Sistema de Saneamento, que deberá estar elaborado antes do 18 de xullo de 2026.

O alcance do Plan Integral de Xestión do Sistema de Saneamento deberá axustarse ao previsto no art. 259 quinquies do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, e deberá abarcar:

- Unha descrición e caracterización detallada do sistema de saneamento.*
- Unha análise dinámica dos fluxos de augas residuais en caso de precipitacións, baseado no uso de modelos.*
- Obxectivos de redución da contaminación dos verquidos por desbordamentos do sistema de saneamento en episodios de chuvia.*
- Medidas a adoptar para alcanzar os obxectivos.*
- Cronograma de execución das actuacións.*

*Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a redacción do “**PLAN INTEGRAL DE XESTIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO**” é unha actuación necesaria que non debe demorarse.”*

En especial, debe terse en conta a entrada en vigor o pasado 20 de setembro de 2023 do Real Decreto 665/2023 polo que se modifica o Regulamento del Dominio Público Hidráulico, que establece a obriga de redactar un Plan Integral de Xestión do Sistema de Saneamento, que deberá estar elaborado antes do 18 de xullo de 2026.

O alcance do Plan Integral de Xestión do Sistema de Saneamento deberá axustarse ao previsto no art. 259 quinquies do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, e deberá abarcar:

- *Unha descrición e caracterización detallada do sistema de saneamento.*
- *Unha análise dinámica dos fluxos de augas residuais en caso de precipitacións, baseado no uso de modelos.*
- *Obxectivos de redución da contaminación dos verquidos por desbordamentos do sistema de saneamento en episodios de chuvia.*
- *Medidas a adoptar para alcanzar os obxectivos.*
- *Cronograma de execución das actuacións.*

*Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a redacción do “**PLAN INTEGRAL DE XESTIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO**” é unha actuación necesaria que non debe demorarse.”*

V.- A vista deste informe, con data 24 de xaneiro de 2024 o Concelleiro da Area de Goberno de Fomento e Servizos resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente “**PLAN INTEGRAL DE XESTIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO**”.

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do **PLAN INTEGRAL DE XESTIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO**”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(56).-PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE MONETIZACIÓN DO APROVEITAMENTO CORRESPONDENTE AO CONCELLO DE VIGO NA ÁREA DE REPARTO I 01 DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DA MP DO PXOU/1993 BARRIO DO CURA. EXPTE. 5306/401.

Visto o informe de fiscalización de data 29/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 25/01/2024, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1624/1102

Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira-delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

Con datas do 14.09.2023, 06.10.2023, 12.11.2023, e 05.12.2023 respectivamente, a entidade Barrio do Cura Desarrollo, SLU, con CIF B87969309, insería no Rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo (en diante XMU) senllos escritos polos que solicita a enaxenación do aproveitamento urbanístico correspondente ao Concello de Vigo no Polígono AR I-01 do proxecto de equidistribución da MP do PXOU/1993 Barrio do Cura (parcela R.2.2); A vista do instado nas ditas solicitudes, no senso de que esta Administración local acceda a monetización do 10 % do aproveitamento urbanístico correspondente ao Concello de Vigo en dita unidade de actuación, emítese o seguinte informe con proposta de acordo, para os que resultan máis relevantes os seguintes,

ANTECEDENTES E FEITOS

I. Con data do 23 de xullo de 2021, o Pleno do Concello de Vigo, acordou prestar aprobación definitiva á MP do PXOU/1993 para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura (DOG núm. 160, do 20 de agosto de 2021 e normativa urbanística no BOP de 11 de novembro de 2021; Inscrita no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia, con data do 29 de outubro de 2021.

O solo urbano do ámbito da MP se categoriza, unha parte, como solo urbano consolidado, - solo que da fronte as rúas Santa Marta, Llorente, Pi y Margall e Paseo de Alfonso, mentres que o resto se categoriza como solo urbano non consolidado, conformando unha única área de reparto (AR.I.01 Barrio do Cura) e un único polígono coincidente coa área de reparto.

II.- Con data do 12 de maio de 2022, a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, prestou aprobación ao proxecto de equidistribución, publicado no BOP núm. 102 do 30 de maio de 2022 (Exp. 5281/401); a adxudicación das parcelas resultantes do proxecto de equidistribución realizouse conforme ao pautado nos artigos 105 da Lei do solo de Galicia, e 260 do seu Regulamento de desenvolvemento;

O proxecto de equidistribución configurou no único bloque previsto dentro da Ordenanza BC-R04 da MP, sendo o seu uso característico o residencial (vivenda colectiva), coas seguintes parcelas de resultado:

- R.2.1, cunha superficie de 388,51 m², adxudicada a BARRIO DO CURA DESARROLLO, S.L.U.
- R.2.2, cunha superficie de 514,32 m², adxudicada ao Concello de Vigo, en compensación do 10% de aproveitamento non susceptible de apropiación, cunha superficie edificable de 514,32 m² de solo urbano, e cunha edificabilidade teito de 1916,19 m², co uso característico residencial en vivenda colectiva acollida a algún réxime de protección pública.

Dita parcela correspóndese coa finca rexistral 83619 do Rexistro da propiedade núm. 5 dos de Vigo, que describe unha parcela de 514,32 m², adxudicada ao Concello de Vigo, para o desenvolvemento de vivendas de protección autonómica en réxime concertado.

III.- A vista do instado, con data do 23.11.2023 a arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión emite informe de valoración da parcela municipal R.2.2, sita no polígono AR I-01 do ámbito do solo urbano non consolidado da MP do PXOU/1993 para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura, e ao que presta a súa conformidade a entidade Barrio do Cura SLU, en escrito achegado a través do Rexistro electrónico da XMU con data do 05.12.2023 (DOC. NÚM. 230397149; COD.WEB.-

W1020708-8749) no que manifesta a aceptación á adquisición de dita parcela conforme ao prezo fixado no dito informe de valoración municipal, que ascende á cantidade de 758.692,29 euros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO/ VALORACIÓN XURÍDICA

a) Fundamentación legal da proposta de monetización

O artigo 21.d.2) da Lei 2/2016, do solo de Galicia, na redacción conferida polo parágrafo 2 do artigo 13 da Lei 7/2019, de medidas fiscais e administrativas, e no mesmo senso o artigo 31.2 a) do RLSG), establecen, en relación coa obriga de ceder gratuitamente ao Concello o solo correspondente ao 10% do aproveitamento tipo da área de reparto, que, este deber de cesión poderá cumprirse, no caso de conformidade co Concello, mediante a substitución da entrega de solo polo seu valor en metálico, que deberá integrarse no Patrimonio municipal do solo, excepto cando poida cumprirse con solo destinado a vivenda sometida a algún réxime de protección pública en virtude da reserva que puidese resultar esixible.

A monetización e un mecanismo axustado a legalidade vixente territorial e urbanística, e acorde coa interese xeral.

Consonte ao réxime aplicable, resulta conforme á legalidade urbanística proceder á enaxenación do aproveitamento lucrativo ou edificabilidade pertencente ao Concello, de xeito directo e sen concorrencia pública, sempre que esta se realice no ámbito da actuación urbanizadora e con sometemento pleno aos límites sinalados e consonte ao procedemento legalmente establecido, en particular, no que respecta á taxación dos respectivos aproveitamentos.

A transferencia de aproveitamento trátase dunha técnica de xestión urbanística que ten lugar por acordo suscrito entre a administración e os propietarios do chan.

b) Procedemento

O artigo 400 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, regula os Convenios urbanísticos para a execución do planeamento adicando o apartado 2, aos convenios nos que se acorde, de xeito excepcional e nos supostos previstos pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e por este regulamento o cumprimento do deber legal de cesión do aproveitamento urbanístico correspondente ao Concello mediante o pagamento dunha cantidade en metálico, incluírán a valoración pericial que corresponda, de conformidade coa normativa vixente en materia de valoracións urbanísticas, valide expresamente por persoal técnico competente.

C) Competencia.

Resulta competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de goberno local do Concello de Vigo,

Por canto antecede, propónse a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, previo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o texto inicial do Convenio urbanístico de xestión entre o Concello de Vigo e á entidade Barrio do Cura SLU, que ten por obxecto monetizar o 10% do aproveitamento municipal da AR 101 da MP do PXOU/1993 para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura, ascendendo á cantidade de 758.692,29 euros, de conformidade co informe de valoración da arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión de data 23.11.2023.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1624/1102

Segundo.- Someter a información pública, o texto inicial de convenio, durante o prazo dun mes, no DOGA e nun dos diarios de maior difusión da provincia, de conformidade co disposto no artigo 168 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en relación cos artigos 400.2 do RLSG, 25.1 do Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, e 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se indicará lugar e horario da posta a disposición do contido íntegro do convenio.

Terceiro.- Trala información pública, de non presentarse alegacións no período indicado, o texto inicial aprobado e o documento aprobado entenderase definitivo sen necesidade de nova firma nin da súa ratificación pola Xunta de Goberno local, producindo esta aprobación e a formalización acordada plenos efectos xurídicos.

Cuarto.- O importe de dita monetarización farase efectivo no prazo máximo de 15 días dende a formalización do presente convenio, integrándose no Patrimonio municipal do Solo, e quedará adscrita aos fines legalmente previstos para este, de conformidade cos artigos 132 e seguintes da LSG e 329 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro do RLSG.

Quinto- Axustarase asemade ás seguintes condicións:

a) BARRIO DO CURA DESARROLLO, S.L.U. comprométese a executar e terminar a construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública que deben realizarse sobre a parcela R.2.2, que se enaxena, no mesmo prazo de execución que o resto das vivendas libres e daquelas suxeitas a algún réxime de protección pública das parcelas R.1 y R.2.1, de xeito que o conxunto edificatorio se realice de acordo co establecido na Modificación Puntual do PXOU 1993 para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura nun único proxecto e no mesmo prazo.

Como consecuencia do anterior, a sociedade presentara dun xeito conxunto a comunicación previa de primeira ocupación tanto do bloque no que se materialice a vivenda libre como a parte do bloque na que se encontre a vivenda protexida, de forma que dito título que habilita a utilización das edificación unicamente poderá ser obtido se ampara a totalidade das vivendas (vivenda libre e vivenda suxeita a algún réxime de protección).

b) Una vez obtida a cualificación da VPA, o destino da mesma ben para a súa venda ou alugamento aos beneficiarios legais, será comunicado debidamente ao Concello. En todo caso, para o suposto de que as vivendas foran destinadas a alugamento unha vez finalice o réxime legal de protección da VPA, outorgarase ao Concello de Vigo un dereito de adquisición preferente sobre as construídas na parcela que neste intre se enaxena.

c) BARRIO DO CURA DESARROLLO, S.L.U. asume a obrigaición de destinar prioritariamente as vivendas executadas sobre a parcela R.2.2 obxecto de venda, ao realoxamento dos ocupantes legais que sexa preciso desaloxar dos inmobles sitos no ámbito da Modificación Puntual do PXOU 1993 para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura que constitúan a súa súa residencia habitual.

Sen prexuízo das competencias atribuídas a administración autonómica en materia de vivenda, a eventual adxudicación das vivendas para realoxamento se fundamentara nas situacións excepcionais contempladas nos artigos 63 e 64 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivendas de Galicia, por tratarse de vivendas afectadas por un expediente expropiatorio ou remodelación urbana.

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, de data 23/01/2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(57).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1624/1102

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez